

# Bibliografía (XI)

Felipe Arias Vilas

No último ano foron relativamente numerosas as publicacións que incluíron mencións e referencias sobre o Museo e/ou o Castro de Viladonga, referencias das que, como é ben sabido e xa explicamos en anteriores entregas bibliográficas, soamente recolleamos aquí as que nos parecen significativas, ben sexa pola súa extensión ou polo seu contido ou, mesmamente, pola singularidade da propia publicación. Coma noutras ocasións, coméntanse por orde de aparición ou de publicación, sempre de xeito aproximado pois moitas veces revistas ou boletíns correspondentes a unha data ou anualidade determinada ven a luz posteriormente e, a maiores, distribúense ou, en todo caso, chegan a nós moito máis tardiamente (e *CROA* tampouco non sería unha excepción).

\* Narciso SANTOS YANGUAS (autor do texto, con 40 fotografías de Florencio García Méndez): *Los castros en el Norte de Hispania*, (Ed. Eureka), Oviedo 2001.- Estamos diante dunha publicación de boa presentación e grande formato, cun texto (sen paxinar) de alta divulgación e unhas moi boas diapositivas, das cales 12 son do Castro de Viladonga e 6 do seu Museo anexo. Sen embargo, no apartado bibliográfico

non se fai referencia a este xacemento.

\* Valentín MONTE CARREÑO: *El azabache. Piedra mágica, joya, emblema jacobeo*, (Ed. Picu Urriellu), Gijón 2004, p. 57-58.- Monografía sobre o acibeche como mineral e como produto artesanal e mesmo artístico; no capítulo dedicado á historia da utilización humana deste material, aparecen referenciadas e reproducidas as pezas de acibeche do Castro de Viladonga (aneis, contas e colgantes) poñéndolos en relación con paralelos de época romana e altomedieval.

\* César LLANA RODRÍGUEZ / Elena VARELA ARIAS: “Análisis de dos unidades habitacionales del Castro de Viladonga”, *Croa*, 13, 2003, p. 21-38.- Nesta ocasión, estes dous autores analizan os achados producidos en varias construcións do ángulo noroccidental e central da croa do Castro, tratando de rastrexar os datos das escavacións de Chamoso Lamas nos anos 70 e chegando á conclusión de que se trata de áreas de función diversificada e especialmente activa entre a época flavia e o século IV d.C.

\* Felipe ARIAS VILAS / Emilio RAMIL GONZÁLEZ: “Informe preliminar dos traballos arqueolóxicos no Castro de Viladonga en 2003”, *Croa*, 13, 2003, p. 39-42.- Non

precisa maior comentario este título, que tamén apareceu neste mesmo Boletín. Ademais dos acostumbrados traballos de limpeza e consolidación, as escavacións en dúas áreas do sitio, unha na entrada da croa e outra no antecastro occidental, proporcionaron interesantes informacións, no primeiro caso coa aparición da entrada primitiva do poboado e no segundo coa documentación de varias estruturas e un posible “nivel de obra” precedidoiro.

\* Ana M<sup>a</sup> RUBIERO DA PENA: “A biblioteca auxiliar do Museo do Castro de Viladonga”, *Croa*, 13, 2003, p. 43-48.- Un dos servicios máis útiles e utilizados nos museos, polo seu carácter transversal a todas as áreas de funcionamento, é o da súa biblioteca auxiliar, que neste caso está especializada nos temas conexos co do Museo do Castro e que é brevemente analizada neste artigo pola persoa encargada do seu rexistro e organización interna.

\* *Os museos e o patrimonio inmaterial. O Castro de Viladonga*, (Xunta de Galicia), Lugo 2004, 16 páxs, sen numerar.- Este folleto-libriño publicouse o 18 de maio co gallo do Día internacional dos Museos dedicado a aquel tema escollido polo Concello Internacional dos Museos para 2004. Nel faise unha análise global, a cargo de Ana M<sup>a</sup> Rubiero,

do Patrimonio Cultural “intanxible” e a súa aplicación ó xacemento de Viladonga, recollendo e comentando todo o folclore (contos e lendas sobre o Castro) que no seu día rexistrara Felipe Senén López.

\* Ignacio M. SAN GINÉS VIZCAÍNO, en *Edificación*, año III, nº 28 (Enero 2004), Santurtzi-Bilbo, (sen paxinar).- Nesta revista técnica de arquitectura e urbanismo aparece un bo e acaído resumo do conxunto de Viladonga, cunha fotografía aérea cedida polo Museo, para dalo a coñecer naqueles ámbitos non arqueolóxicos pero si con preocupación pola utilización social do Patrimonio histórico e cultural.

\* VARIOS AUTORES: *Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico*, (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo - Xunta de Galicia), Santiago de Compostela 2004.- Recollemos aquí a cita que se fai do Castro de Viladonga pero cáseque pola vía “negativa”, é dicir, pola escasa mención que nesta publicación, dedicada precisamente á posta en valor dos xacementos arqueolóxicos galegos, se fai deste conxunto, que apenas aparece nunha listaxe e nun mapiña cos sitios visitables, pero de xeito case tanxencial e marxinal fronte á importancia que se lle dá a outros xacementos moito menos escavados e visitados e, por suposto, sen museo anexo.

\* X.M. AYÁN VILA: “Arquitectura como tecnología de construción de la realidad social”, *Arqueología de la Arquitectura*, 2, 2003, p. 17-24.- Tras deste título está un intento de aplicar un modelo teórico da ocupación, asociada á visualización, do espacio interior da croa do Castro de Viladonga, pero determinados datos e circunstancias que se dan por seguros ou supostas non son aínda contrastables e moito menos indubidables, co que aquel intento se queda, cremos, nun exercicio teórico que, iso si, pode quedar para o futuro como unha hipótese de traballo para comprender algúns aspectos daquela organización interior do poboado, asociada ou non á estruturación social.

\* C. CARRERAS MONFORT: “Museografía en Internet: análisis de la situación en nuestro país”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, XX, vol. II, 2003-2004, p. 109.- O autor dedica un parágrafo a comentar a presenza de Viladonga no sitio web que patrocina a Asociación de Amigos ([www.aaviladonga.es](http://www.aaviladonga.es)), citando soamente os Programas de Acción Didáctica e a información sobre as escavacións no xacemento, e sen considerar o outro sitio web sobre este conxunto (o dependente das páxinas oficiais da Xunta, <http://museocastroviladonga.xunta.es>).

\* Carlos FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: *Ganadería, caza y animales de compañía en la Galicia romana: estudio arqueológico*, (Nº monográfico de *Brigantium*, 13, 2003), A Coruña, passim.- O autor xa é ben coñecido como especialista no ámbito da arqueozooloxía galaica e xa ten aparecido outras veces nestas páxinas polos seus estudos a propósito dos restos faunísticos achados en Viladonga, restos que agora utiliza nesta completa e útil síntese sobre a “animalaria” vinculada ás poboacións urbanas e rurais da Gallaecia.

\* Galicia en guías, 1.-Rutas con historia, e 2.-Museos de Galicia, (libros monográficos de ‘La Voz de Galicia’), A Coruña 2004.- Aínda que en certa medida son unhas guías turísticas ó uso e xa dixemos outras veces que é imposible recollerlas todas nesta serie bibliográfica, incluímos aquí estas referencias porque se lle dedican ó Castro (p.13-15 do nº 1) e ó Museo de Viladonga (p. 58-59 do nº 2) senllos capítulos relativamente extensos e, en xeral, cun texto e ilustracións axeitadas (salvo a calificación de “campaniforme” nunha ilustración dunha cunca de terra sigillata tardía, por moito que esta teña forma de campá...).

\* Manuel LAGE PILLADO: *Fíbulas galaico-romanas do Castro*

*de Viladonga*, (Estudos de museos 1), (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela 2004, 127 páxs. con fotografías e debuxos.- Este catálogo abre a serie de monografías de museos da Xunta, pero vén sendo a continuación doutros estudos sobre conxuntos de pezas ou bloques temáticos dos fondos do Museo de Viladonga. Nesta ocasión, este autor, xa citado no número anterior de Croa, analiza e estudia 43 exempla-

res (completos ou fragmentados) de fibulas achadas en contexto galai-co-romano do Castro, con cadanseu debuxo, e conclúe, entre outras consideracións arqueolóxicas, que é un dos conxuntos máis senlleiros destes obxectos da vestimenta no Noroeste ibérico.

\* *Do xacemento ó museo. O proceso de recuperación patrimonial no Castro de Viladonga*, (Consellería de Cultura, C. Social e Turismo

– Xunta de Galicia), A Coruña 2004, 16 páxs., con 8 ils.- Elaborado polo equipo técnico do Museo, este libriño ou folleto naceu como guía de man da exposición temporal (e itinerante) do mesmo título, aínda que quedará como publicación permanente que sirva para explicar, de xeito resumido e con afán comunicativo e divulgador, os traballos arqueolóxicos e museísticos que se fan neste centro de investigación patrimonial do Castro de Viladonga.



Publicado en versión electrónica en:

<http://www.aaviladonga.es/e-castrexo/es/bviladonga.htm> · <http://www.aaviladonga.es/e-castrexo/ga/bviladonga.htm>